


QUEREMOS O MESMO QUE TI !!



QUEREMOS O MESMO QUE TI !!



Elix STEG
Vota Transparencia Sindical
Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza

QUEREMOS O MESMO QUE TI !!



QUEREMOS O MESMO QUE TI !!



Elix STEG
Vota Transparencia Sindical
Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza

QUEREMOS O MESMO QUE TI !!



QUEREMOS O MESMO QUE TI !!



QUEREMOS O MESMO QUE TI !!




QUEREMOS O MESMO QUE TI !!



Elixte STEG
Vota Transparencia Sindical
Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza

QUEREMOS O MESMO QUE TI !!



QUEREMOS O MESMO QUE TI !!



Elixte STEG
Vota Transparencia Sindical
Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza

QUEREMOS O MESMO QUE TI !!



QUEREMOS O MESMO QUE TI !!



QUEN SOMOS

STEG-PDI Laboral Universidade de Vigo é unha nova proposta autónoma de representación sindical para o PDI universitario.

Contamos cunha estrutura asemblearia real, horizontal e participativa para a defensa de todas/os as/os traballadoras/es do ensino galego

O NOSO MODELO DE UNIVERSIDADE

1. Unha Universidade sostíble, participativa, sen xerarquías, sen competencias absurdas e con hábitos laborais amábeis.
2. Defensa dos postos de traballo, especialmente dos non estábeis.
3. Comunicación transparente e información detallada dos órganos de representación das/os traballadoras/es: comités de empresa, Mesa de Negociación, etc.
4. Goberno aberto, administración aberta e innovación na administración: canais de comunicación e contacto directo entre administración e comunidade universitaria.
5. Acceso en liña a todas a tódalas actas dos órganos e comisións da Universidade de Vigo.
6. Unha Universidade pública sen privatizacións nos servizos administrativos e/ou académicos.
7. Elección democrática da xerencia e das vicexerencias da Universidade. Procesos de avaliación pública para eses cargos como sinala a Lei 2/2015 do emprego público de Galicia.
8. Criterios obxectivos, claros e coherentes para a carreira académica. Defensa da especificidade por ámbito.
9. Planificación equilibrada da docencia e da investigación nas distintas áreas da Universidade.
10. Abrir a investigación da Universidade ás organizacións sociais e ás súas necesidades: compromiso coa resolución dos problemas sociais agravados pola crise económica.

11. Inclusión de criterios de proveito social e humano nas convocatorias de investigación.

12. Supresión de cargos e direccións en áreas que se solapan con responsábeis técnicos, tanto de PAS como de PDI.

13. Acceso en liña á axenda/horario do reitor, do equipo de goberno e da xerencia.

14. Publicación detallada dos gastos dos diferentes capítulos da Universidade.

15. Demanda de unha auditoría sobre a situación económica e inversión realizada na Cidade Universitaria.

16. Implementación do rexistro en liña con certificado dixital para as xestións administrativas e académicas non presenciais.

NOVOS DEREITOS PARA O PDI LABORAL

1. Clarificación do futuro laboral. Interpretación flexible das taxas de reposición e sinatura dun Acordo para a Estabilización do PDI postdoutoral acreditado.
2. Primeiro estabilización, logo promoción: taxa de reposición para contratadas/os, doutoras/es, interinas/os, axudantes doutores e investigadores postdoutorais (Ramón y Cajal, Parga Pondal, Biocaps....)
3. Modificación radical da normativa de dedicación docente do PDI a tempo completo: revogación da aplicación do Decreto 14/2012 de intensificación docente do PDI.
4. Dignificación da contratación temporal.
5. Consideración igualitaria e mesmas oportunidades para todo o PDI permanente e temporal: quinquenios e sexenios, solicitude de complementos, produción científica, percepción do mes de vacacións para todo o PDI contratado, dereito de conciliación familiar para todo o PDI Laboral, etc.
6. Tribunais externos en todos os concursos de profesorado e prohibición de facer parte dun tribunal a quen cometa irregularidades no proceso de selección.

DIGNIFICACIÓN REAL DA DOCENCIA E DA INVESTIGACIÓN

1. Reparto igualitario e axeitado da docencia segundo o artigo 95.2 da lei 8/2013. Non ás imposicións xerárquicas.
2. Elaboración dunha PDA xusta que recoñeza todo o traballo realizado.
3. Mellorar a transparencia na distribución da docencia: publicación dos encargos docentes completos para garantir un trato equitativo para todo o PDI.
4. Acceso sindical periódico aos repartos docentes por departamentos e as súas modificacións.
5. Retribución das horas de preparación da docencia para todo o PDI temporal. Apertura da PDAI e ás súas reducións a este colectivo.
6. Recoñecemento das actividades científicas aínda que non estean en índices de prestixio.
7. Recoñecemento con topes flexíbeis das actividades de docencia, de investigación, de xestión e de transferencia.
8. Recoñecemento no ano en curso dos traballos académicos e de investigación dirixidos (TFG, TFM...)
9. Limitación da carga docente do PDI aun máximo de 240 horas de docencia, do mesmo xeito que moitas universidades españolas.
10. Restabelecemento das axudas de mobilidade para todo o PDI Laboral.

NOVOS DEREITOS PARA O PERSOAL INVESTIGADOR

1. Mellora das vías e condicións de contratación do persoal investigador.
2. Realización de contratos de longa duración en liñas de investigación consolidadas.
3. Participación do persoal investigador temporal nas convocatorias dos complementos.
4. Impulso da figura da/o investigadora/or permanente en áreas de carácter social e vencellados ao noso país.

5. Inclusión no convenio colectivo do PDI Laboral do persoal laboral contratado con cargo a proxectos.
6. Plan de Estabilización para o persoal postdoutoral.

MÁIS IGUALDADE E MÁIS CONCILIACIÓN

1. Compromiso dos principios de igualdade nos actos públicos dirixidos á sociedade e á comunidade universitaria; ser exemplo de igualdade.
2. Máis presenza de mulleres en cargos de responsabilidade.
3. Incremento da presenza da perspectiva de xénero na oferta de grao e posgraos.
4. Servizo de gardería na Universidade.
5. Horas de lactancia para o persoal contratado de investigación.

